



Concello de Ribeira de Piquín

ANUNCIO

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 10 de agosto de 2020, acordou a aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Ribeira de Piquín.

E en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

Ribeira de Piquín, 10 de agosto de 2020

Asdo.: D. Roberto Fernández Rico,
Alcalde-presidente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

